


CLASES DE PALABRAS.

As palabras son as unidades básicas da comunicación, con elas podemos artellar unidades máis grandes, como frases ou cláusulas, que nos permiten expresar calquera cousa que queiramos dicir. Pero á súa vez as palabras poden estar formadas por unidades menores: unhas que achegan o significado léxico (lexemas) e outras que engaden nocións gramaticais como xénero, número, tempo... (morfemas). Así, dependendo de se as palabras incorporan ou non diversos morfemas, podémolas clasificar en:

Variables: Son as que cambian de forma mediante morfemas de xénero, número... Incluimos neste grupo o substantivo, o adxectivo, o artigo, os pronomes e o verbo.

Invariables: Son as que non poden variar a súa forma mediante a unión ou o troco de morfemas. Pertencen a este grupo os adverbios, as preposicións, as conxuncións e as interxeccións.

Pero ademais deste criterio morfolóxico, para caracterizar as palabras debemos ter en conta un criterio semántico, que nos permite diferencialas en función do seu significado, e un criterio sintáctico, que nos indica a súa función en relación ás outras palabras (determinar, modificar, unir...). Desta maneira podemos diferenciar os seguintes tipos:



Os **substantivos** son tipos de palabras variables en xénero e número que serven para nomear as cousas. Adoitan ir precedidos de artigos ou adxectivos determinativos.

Os **adxectivos** son clases de palabras variables que acompañan a un substantivo adoptando o seu xénero e o seu número. Distinguimos dous tipos:

Adxectivos cualificativos: acompañan o substantivo indicando unha calidade.

Adxectivos determinativos: acompañan un substantivo concretándoo e achegando algún dos seguintes significados:

Situación (**demostrativos**): *Este libro é o meu*

Pertenza (**posesivos**): *O meu libro está roto*

Cantidade precisa (**numerais**): *Teño tres libros*

Cantidade ou identidade imprecisa (**indefinidos cuantificadores e indefinidos identificadores**, respectivamente): *Viñeron moitas persoas, Alguén o diría.*

Segunda mención (**relativos**): *A novela cuxo argumento resumiches é de Rosa Aneiros.*

Entoación especial (**interrogativos e exclamativos**): *Cantos libros hai aquí!*

Os **pronomes** son tipos de palabras variables que se empregan para substituír os substantivos. Contamos con dous tipos diferentes:

Pronomes persoais: son os que serven para substituír as persoas que interveñen no discurso (quen fala, quen escoita ou aquilo do que ou de quen se fala): *Ti non o dixeches, fun eu.*

Pronomes non persoais: son os que serven para substituír un substantivo pero engadindo ademais outros significados, que coinciden cos dos adxectivos determinativos:

Situación (**demostrativos**): *Este libro é o meu pero este non sei de quen é.*

Pertenza (**posesivos**): *O meu libro está roto pero o teu parece do trínque.*

Cantidade precisa (**numerais**): *Teño tres libros pero quería ter catro.*


Cantidade ou identidade imprecisa (**indefinidos cuantificadores e indefinidos identificadores**, respectivamente): *Viñeron moitas persoas, pero algunhas non puideron entrar. Alguén o diría.*

Segunda mención (**relativos**): *Xa lín a novela de Rosa Aneiros que me deixaches.*

Entoación especial (**interrogativos e exclamativos**): *Cantos libros hai aquí! Ti cantos liches?*

Os **artigos** son clases de palabras variables, que acompañan o substantivo para concretalo adoptando o seu xénero e o seu número. Diferéncianse dos adxectivos determinativos porque carecen de significado: *O libro está onde o deixaches.*

Os **verbos** son clases de palabras variables en tempo, modo, número e persoa que serven para referirse a accións, estados ou procesos. *María dorme coma un leirón.*



Os **adverbios** son clases de palabras invariables que acompañan a verbos, adxectivos ou adverbios achegándolles significados de lugar, tempo, modo, afirmación, dúbida... (*A nai vive lonxe. A nai vive moi lonxe. A nai vive ben feliz.*)

As **preposicións** son clases de palabras invariables que serven para unir dous elementos establecendo entre eles unha relación de subordinación ou dependencia: *Vente canda teus irmáns. É un moble de madeira.*

As **conxuncións** son clases de palabras invariables, carentes de significado léxico, que serven para unir dous elementos podendo establecer entre eles relacións de coordinación ou de subordinación: *Dixo que non viña. Díxoo e fíxoo.*

As **interxeccións** son clases de palabras invariables que se caracterizan porque teñen significado completo e porque se pronuncian cunha entoación exclamativa. Adoitan ser onomatopeas ou palabras que noutras ocasións son substantivos ou verbos: *Ai!, Mércores!*